

## ARCO elixe ós galegos DocManhattan e a Dj Lady+O Home Xirafa para dar unha panorámica da música electrónica

*Tres dj galegos -Doc Manhattan e Dj Lady+O home Xirafa- serán os encargados de poñerlle a música á Feira Arco de Madrid, que este ano lles presenta un completo panorama ós picadiscos de vangarda que actualmente funcionan en España.*

Dj Lady+O Home Xirafa son o prototipo de picadiscos que fusionan na súa música as máis variadas expresións. A súa denominación é unha máis das que Xoán Anleo (Dj Lady) e Chíu (O Home Xirafa) adoptan, identidades cambiantes que adaptan ás situacións, ós escenarios e á música que vaian picar. En Arco —eles serán os encargados de pecha-lo ciclo de música electrónica— preséntanse baixo a denominación de Taiwán, o seu máis recente heterónimo.

Na súa sesión —na que que picarán unicamente temas seus— presentarán o son *GM*, etiqueta acuñada no seu *Combo Lights*, que é como lle chaman ó seu taller de traballo. *Pentium GM* é o título que lle deron á súa sesión, baseada en versións —con son *GM*, por suposto— de B.B.E, Michael Jackson, 2Unlimited, Kraftwerk —en clave cutre — e outros clásicos da escena de baile.

Taiwán é un proxecto de Chíu e Anleo —que debutaron o ano pasado no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)— conciben como "unha volta expresa ó tecno-popailable e rosa-chicle dos anos 80, ós sintetizadores e ós efectos especiais de videoxogos, á MTV e ós videoclips comerciais, ós reloxios dixitais Casio con carcasa metálica e ós miniórganos de xoguete-feira, ás cintas de pelo e ó manierismo estético da faceta máis inocente e ilusionada de nosa era tecnolóxica".

Eles engaden que Taiwán —subtitulada "Conexión Toquio-Berlín-Vigo"— é "unha explosión oriental de sons facturados, exquisita e primitivamente artificiais. Manga e videoxogos da era 286, plástico e baquelita con cheiro a uso e, claro está, sexo. Kitsch, Camp e Vamp. Recuperando o espírito Punk de *Do It Yourself* que conecta decididamente cos presupostos da música de hoxe, que pon en cuestión o arquetipo do artista único como demiurgo da arte contemporánea".

Considéranse "ladrons de ideas" cunha actitude desenfadada, "apropiacionismo de base e amoralidade".

DocManhattan, pola súa banda, preséntase mañá e o próximo domingo na feira electrónica de Arco, organizada para dar a coñece-la creación dun novo portal en internet. Doc Manhattan —consagrado en Bruxelas pero residente actualmente en Vigo— é o creador do máis radical selo tecno que naceu en Galicia, *Río Lagares*, un dos poucos do mundo que permanecen fieis ó vinilo como soporte das gravacións.

SANTIAGO  
AFA

O Correo galego. 20/02/01

Link:

<http://www.elcorreogallego.es/periodico/espectaculos/expo/noticias/djarco.htm>